



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: morana@concellos.deponvedra.es
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORANA (Pontevedra)

BANDO

BASES DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS PARA APOIAR O DEPORTE DE COMPETICIÓN FEDERADO

D. JOSÉ EIRÁS PAZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORANA

FAI SABER QUE

A A Deputación Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuída esta Deputación, consciente da importancia de fomentar o deporte en todas as súas facetas e coñecedora das carencias que teñen aqueles que desexan realizar a súa práctica, establece axudas para paliar ese déficit que se rexerán polas seguintes:

1. FINALIDADE E OBXECTO 1.1 Esta convocatoria, destinada a clubs deportivos federados, márcase como obxectivo específico apoiar as entidades deportivas nas actividades derivadas da participación en ligas ou competicións oficiais de ámbito comarcal, provincial, autonómico ou nacional, convocados por organismos oficiais ou federacións deportivas galegas, nas modalidades deportivas de implantación na provincia de Pontevedra, conforme o disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local e demais normativa de aplicación.

1.2 A concesión das axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2011, convocándose con cargo ao orzamento da Deputación para o 2011 a subvención que a continuación se detalla:

2. BENEFICIARIOS Poderán optar a estas axudas as entidades e clubs deportivos que cumpran os seguintes requisitos:

Carecer de fins de lucro. Estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria e coa Seguridade Social. A modalidade practicada polos clubs federados ten que ter implantación na provincia de Pontevedra. Estaren inscritos no Rexistro de asociacións deportivas da Dirección Xeral para o Deporte. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades ou clubs deportivos que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no ano 2010 polo mesmo programa.

Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 4/2/ 2011

Para mais información pódese acudir ó Concello de Moraña ou chamar por teléfono o número 986 55 30 05

Moraña, 12 de xaneiro de 2011.



O Alcalde
JOSÉ A. EIRÁS PAZ